



Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude a Fundación Galicia Europa para a realización de programas de información sobre a Unión Europea e de proxectos de cooperación europea, destinados á xuventude galega, no exercicio 2023

De conformidade co establecido nos artigos 47 e 49 da Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, a Consellería de Política Social e Xuventude formula a seguinte xustificación razoada para a realización dun convenio de colaboración coa Fundación Galicia Europa

A Consellería de Política Social e Xuventude en virtude do Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica de Xunta de Galicia e do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, é o órgano competente da Administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de xuventude, entre outras, o apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, que leva a cabo a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

De conformidade co establecido no Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude, no seu Título V e no Capítulo II da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, sobre a Rede Galega de Información Xuvenil, a dita rede terá como obxectivos asegurar que as prestacións de servizos de información xuvenil desenvólvense en condicións axeitadas, garantir a difusión de información xuvenil ampla e actualizada en todo o ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, así como favorecer a implantación dos mecanismos de información precisos para posibilitar a igualdade de oportunidades entre a xuventude galega.

A Consellería de Política Social e Xuventude é consciente da importancia de establecer as vías necesarias para a realización das actividades de información, documentación e asesoramento, así como da cooperación para o desenvolvemento de proxectos de cooperación europea en beneficio da mocidade galega e portuguesa, durante o ano 2023, actividades que deben realizarse cunha estreita coordinación coas canles de información establecidas na Rede Galega de Información Xuvenil.

A Fundación Galicia Europa, creada para promover todas aquelas accións que propicien o achegamento entre Galicia e Europa, ten entre os seus obxectivos, contribuír á formación



europaea, tanto inicial como continua, da mocidade galega e difundir información de interese para a sociedade galega sobre a Unión Europea e as súas actividades.

Para a realización das actividades descritas de información e asesoramento á xuventude galega sobre temas relacionados con Europa, así como para a preparación e desenvolvemento pola fundación de proxectos de cooperación europea en beneficio da xuventude galega e portuguesa, figura na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, nos termos recollidos no artigo 19.4a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia así como do artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 xaneiro polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 unha subvención nominativa a favor da Fundación Galicia Europa dentro da aplicación orzamentaria 13.06.313A.443.02, por un importe de 42.500 euros.

Polo exposto nos parágrafos anteriores e, para os efectos de dar trámite á referida axuda, a Consellería de Política Social e Xuventude considera conveniente subscribir un convenio de colaboración coa Fundación Galicia Europa, sen que sexa posible promover a concorrência pública dado o seu carácter nominativo.

E para que conste, asínase esta memoria electronicamente, en Santiago de Compostela,
A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado,

Cristina Pichel Toimil

